

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 12 de decembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declara a superación definitiva da fase de selección do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de pediatra de atención primaria e se abre o prazo para a presentación de documentación.*

Pola orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), convócase proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de pediatra de atención primaria.

Por Resolución do 14 de outubro de 2003 (DOG nº 205, do 22 de outubro), da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, faise público o acordo do tribunal de selección da categoría de pediatra de atención primaria, do proceso extraordinario de consolidación de emprego do Servizo Galego de Saúde, polo que se declara a superación definitiva da fase de selección e se abre o prazo para a presentación de documentación.

Por Resolución do 10 de febreiro de 2004 (DOG nº 37, do 23 de febreiro), da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, decláranse en situación de expectativa de destino os aspirantes que superaron a fase de selección do proceso extraordinario de consolidación de emprego na categoría de pediatra de atención primaria.

Por Resolución do 5 de xullo de 2005 (DOG nº 132, do 11 de xullo), da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, dáse publicidade ao acordo do tribunal central da categoría de pediatra de atención primaria do proceso extraordinario de consolidación de emprego, polo que se procede a executar varias sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela.

Como consecuencia da execución das devanditas sentenzas procede publicar unha nova resolución pola que se declara a superación definitiva da fase de selección e se abre o prazo para a presentación de documentación por parte dos novos aspirantes seleccionados, polo que esta división

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar a relación de aspirantes da categoría de pediatra de atención primaria, pola súa orde definitiva de puntuación, da fase de selección do proceso extraordinario de consolidación de emprego, convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), que pode consultarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Sergas ou na súa páxina web ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

En caso de empate na puntuación final obtida na fase de selección, resolverase de acordo co establecido no punto 3 da base oitava da correspondente orde.

Segundo.-Declarar rematada a fase de selección, declarando como aspirantes que a superaron definitivamente os aspirantes incluídos, segundo a súa orde final, no número total de prazas que se cubrirán de conformidade co establecido na orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), e sen prexuízo do establecido na súa base novena, coa seguinte distribución:

Categoría: pediatra de atención primaria.

Acceso libre: 137.

Reserva discapacitados: 2.

Total: 139.

Terceiro.

1. Abrir o prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte a esta publicación para que os aspirantes que superaron a fase de selección e que non estiveran incluídos entre os seleccionados na Resolución do 14 de outubro de 2003, presenten ante esta división a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte.

b) Declaración de non se achar inhabilitado para o exercicio profesional ou desempeño de funcións públicas, nin de ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública, para o que pode utilizarse o modelo proposto no anexo desta resolución.

c) Certificado médico oficial acreditativo da capacidade funcional para o desempeño das funcións propias da categoría.

d) No caso de acceder pola quenda de reserva para discapacitados, achegarase tamén unha fotocopia compulsada da certificación que recoñeza a devandita condición.

2. Os aspirantes que tivesen a condición de persoal fixo das administracións públicas ou dos servizos de saúde estarán exentos de xustificar as condicións e os requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento; deben presentar certificación do centro de que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Cuarto.-Se, á vista da documentación presentada, se apreciase que algún aspirante seleccionado non cumpre algún dos requisitos exixidos na convocatoria, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas ditará resolución motivada na que se declarará a perda dos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no proceso selectivo e procederá a declarar que superou a fase de selección o seguinte aspirante en puntuación que cumpra cos requisitos exixidos na convocatoria e que superase o concurso-oposición e que inicialmente non figurase entre os que superaron a fase de selección.

Para estes efectos, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas citará na forma conveniente a persoa afectada para a presentación, no prazo de cinco días naturais, da documentación establecida no punto terceiro.

Quinto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor

recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

#### ANEXO

D/Dª ..., DNI nº ..., aspirante no proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de ..., de conformidade coa correspondente convocatoria,

#### DECLARO:

Non estar inhabilitado para o exercicio profesional ou desempeño de funcións públicas, nin ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública.

O que se manifesta para os efectos da superación da fase de selección do dito proceso, en (lugar, data e sinatura).

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

*Cédula de citación (241/2005-SU).*

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, dou fe de que nos autos de proposta de adopción que se seguen neste xulgado co número 241/2005, se acordou a citación de Francisco Rosendo Blanco, mediante publicación da seguinte:

Cédula de citación.

En virtude do acordado polo maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de proposta de adopción número 241/2005, que se seguen neste xulgado, acordouse citar a Francisco Rosendo Blanco, actualmente en paradoro descoñecido, co fin e que o día nove de xaneiro ás 9.45 horas, compareza neste xulgado para práctica de dilixencias, prevíndoo de que de non o verificar, recaerán sobre el os prexuízos a que houber lugar en dereito.

Na Coruña, 21 de novembro de 2005.

E para que conste e sirva de cédula de citación, expido este edicto que asino na Coruña o vinte e un de novembro de dous mil cinco.

A secretaria  
Rubricado

*Cédula de citación (472/2005-SU).*

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, dou fe de que nos autos de proposta de adopción que se seguen neste xulgado co número 472/2005, se acordou a citación de Vanessa Astray Hernández, mediante publicación da seguinte:

Cédula de citación.

En virtude do acordado polo maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de proposta de adopción número 472/2005, que se seguen neste xulgado, acordouse citar a Vanessa Astray Hernández, actualmente en paradoro descoñecido, co fin e que o día nove de xaneiro ás 9.45 horas, compareza neste xulgado para práctica de dilixencias, prevíndoo de que de non o verificar, recaerán sobre el os prexuízos a que houber lugar en dereito.

Na Coruña, 22 de novembro de 2005.

E para que conste e sirva de cédula de citación, expido este edicto que asino na Coruña o vinte e nove de novembro de dous mil cinco.

A secretaria  
Rubricado

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE MARÍN

*Edicto (302/2005).*

María Sandra Pérez López, secretaria del Xulgado de Instrucción número un de Marín dou fe e testemuño que no xuízo de faltas nº 302/2005 se ditou a presente sentenza, que no seu encabezamento e parte dispositiva di:

«A presente sentenza é ditada por Xermán Varela Castejón, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Marín, e con ela ponse fin á primeira instancia do xuízo de faltas numerado como 302 do ano 2005. No mesmo actuou como denunciante Alfredo Juan Cocheteux Lourido, asistido polo letrado Juan Adrio Neira. Foi denunciada Rosa María García Cartea, asistida polo letrado Juan Moledo Area. Actuou, ao abeiro das atribucións legais, o Ministerio Fiscal.

Absolver a Rosa María García Cartea, coa declaración de oficio das custas ocasionadas no presente procedemento.